CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Organizar e practicar diversas actividades motrices.		
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Organizar e practicar diversas actividades motrices.		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participar en actividades motrices na contorna urbana e natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.</li> <li>- Técnicas básicas de descarga postural e relaxación.</li> <li>- Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física.</li> <li>- Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas.</li> <li>- Saúde social.</li> </ul>

## Contidos

- Saúde mental.
- Técnicas de respiración, visualización e relaxación para liberar tensión e os seus beneficios na atención e concentración.
- Trastornos vinculados coa imaxe corporal.
- Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais.
- Análise crítica de estratexias publicitarias.
- Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
- Protocolos ante alertas escolares.
- Actuacións críticas ante accidentes.
- Conduto PAS: protexer, avisar, socorrer.
- Desprazamentos e transporte de accidentados.
- Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).
- Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).
- Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).
- Contido básico de caixa de primeiros auxilios.
- Toma de decisións.
- Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Técnicas específicas de expresión corporal.
- Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.
- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.

UD	Título da UD	Duración
10	DAFIS	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	Incorporar procesos orientados á saúde.		
CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual.		
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Solucionar situacións motrices en contextos deportivos.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Establecer mecanismos sociais co resto de participantes.	TI	100
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Organizar e practicar diversas actividades motrices.		
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Practicar actividades motrices no medio natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoavaliación das capacidades físicas e coordinativas como requisito previo á planificación: técnicas, estratexias e probas de valoración.</li> <li>- Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados.</li> <li>- Actuacións críticas ante accidentes.</li> <li>- Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos puntos fortes e débiles propios e do rival.</li> <li>- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.</li> <li>- Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.</li> <li>- Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sostible en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Actividades Físicas no Medio Natural	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Empregar dispositivos dixitais.	TI	100
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar con iniciativa no desenvolvemento de proxectos motores.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar e comprender os factores que condicionan a intervención da motricidade na realización de xestos técnicos.		
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Contextualizar a influencia socio-cultural das manifestacións motrices.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Contextualizar a influencia socio-cultural das manifestacións motrices.		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Promover e participar en actividades motrices no contorno natura, reducindo a súa pegada ecolóxica.		
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Promover e participar en actividades motrices no contorno natural, con seguridade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física.</li> <li>- Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde.</li> <li>- Actuacións críticas ante accidentes.</li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.</li> <li>- Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias.</li> <li>- Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade.</li> <li>- Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sostible en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura.</li> <li>- Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades.</li> <li>- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.</li> <li>- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.</li> <li>- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.</li> <li>- Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Avaliación	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Actuar de forma crítica fronte os estereotipos sociais.	TI	100
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar no desenvolvemento de producións motrices.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar no desenvolvemento de producións motrices.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Establecer mecanismos de relación co resto de participantes.		
CA5.3 - Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade.	Crear e representar composicións individuais e colectivas con e sen base musical.		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Promover e participar en actividades motrices en contornas urbanas e naturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física.

## Contidos

- Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
- Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade.
- Toma de decisións.
- Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.
- Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.
- Mercado, consumismo e deporte.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos xerais constitúen a fonte pedagóxica da programación. A idea fundamental que sustenta estes principios é que o alumno é o principal artífice do seu propio aprendizaxe e que o profesor convértese en mediador ou guía neste proceso, permitindo establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos. Non existe unha metodoloxía única e válida para tódalas situacións, polo tanto, nós utilizaremos aquela que nos axude a alcanzar a progresiva autonomía e educación integral do alumno como obxectivo de final de etapa. Para isto, nos baseamos nos principios que establece o currículo, destacando que o alumno realice aprendizaxes significativos por sí, é dicir, que aprenda a aprender.

Como técnica de ensinanza empregaremos: a instrución directa naquelas unidades nas que o aprendizaxe precise dun rendemento mecánico como factor vital para que o obxectivo proposto se poida alcanzar de forma eficaz, e a técnica mediante a busca nas unidades didácticas que nos interese que o alumno desenvolva os procesos dedutivos e de enriquecemento.

En canto ó estilo de ensinanza empregaremos aquel máis axeitado a cada situación desde os máis directivos como o mando directo modificado, ata os máis produtivos e creativos como o descubrimento guiado. Como estratexia na práctica utilizaremos tarefas globais sempre que sexa posible e acudiremos ás analíticas cando sexa necesario en función da natureza do traballo a realizar.

Os recursos ocupan un papel importantísimo dado o carácter procedemental da materia, por iso, unha boa selección do material favorece notablemente a práctica en Educación Física. Nesta selección do material teremos en conta os seguintes criterios: a súa utilidade, facilidade de acceso para os alumnos, polivalencia, variedade en canto a forma e contido, carácter multifuncional e que non sexan perigosos.

En canto os criterios para os agrupamentos debemos ter en conta que todo grupo é heteroxéneo por natureza, o que implica a existencia de alumnos avantaxados e desvantaxados con respecto a maioría. Todo isto ofrece múltiples posibilidades de acción en torno á creación de grupos de traballo: de nivel, cooperativos, homoxéneos, cun colaborador, heteroxéneos, etc.; de maneira que, esta organización debe estar motivada polo coñecemento dos alumnos, polo obxectivos, polas características das actividades, e as veces, aínda que non é desexable pola existencia ou non de material.

O aproveitamento, o uso e a organización do tempo e do espazo de clase resulta fundamental para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe evitando perdas de tempo nos vestiarios, establecendo rutinas que favorezan o aproveitamento dese tempo (ónde colocarse durante a

información inicial, cómo coller e recoller o material, ...), proponendo actividades significativas para os alumnos, etc. Tamén teremos en conta qué información damos ós alumnos e cómo e cándoo a comunicamos, reforzando de esta forma o feedback interno do alumno co feedback externo que lle proporcionemos. A elaboración ou deseño de actividades é un elemento fundamental para todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

As actividades de ensinanza serán, entre outras: deseño de unidades didácticas, deseño de actividades das unidades didácticas (serán de coñecementos previos, motivación, desenvolvemento de contidos, reforzo, ampliación e avaliación), elaboración e organización dos materiais didácticos do alumno e de apoio, explicación ós alumnos acerca dos contidos e obxectivos da unidade didáctica, dirixir as actividades que o requiran, organizar o aula, avaliar todo o proceso, etc. As actividades de aprendizaxe serán, entre outras: participación nas actividades e xogos, fabricación de materiais, propostas de actividades, colaboración cos compañeiros e co profesor, avaliación dos contidos desenvolvidos, etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Os principais recursos e materiais que utilizaremos no área de Educación Física son:

### RECURSOS HUMANOS:

O alumno/a e a súa experiencia (motricidade, expresión, creatividade).

O profesor e as súas explicacións e / ou exemplificacións.

### INSTALACIÓNS:

Aula de referencia

Os ximnasiaos e o pavillón

As pistas polideportivas exteriores.

Os espazos abertos do recinto escolar.

### MATERIAL DIDÁCTICO:

Convencional:

O caderno de E.F do alumno.

Apuntes e fichas elaborados polos profesores do departamento. Non convencional:

Material específico: de deportes alternativos, xogos populares, expresión corporal, actividades na natureza, actividades de patín e calquera material necesario para o desenvolvemento da programación.

Materiais reciclados e auto construídos polos propios alumnos/as.

Material audiovisual: cintas de música e de vídeo, cámara de vídeo, televisión e vídeo, equipo de música.

Ordenador portátil e canón.

Pósters ilustrativos.

Material deportivo diverso especificado no inventario de material do departamento

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar, e comprenderá as seguintes accións:

a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.

b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

c) Se se considera necesario, realizarase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>5</b>	<b>8</b>	<b>14</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>5</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 12 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2, 3 e 4 impartiranse no primeiro trimestre; a 5, 6, 7 e 8 impartiranse no segundo trimestre, e a 9, 10, 11 e 12 impartiranse no terceiro trimestre. A avaliación trimestral resultará da media aritmética das unidades didácticas impartidas, redondeando a o enteiro inmediatamente superior a partir do decimal 5, se estiveran entregados en tempo e forma todos os traballos requeridos. Para facer a media trimestral todas as unidades didácticas deberán ter una cualificación igual ou superior a 4. A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética cada avaliación trimestral sen posibilidade de redondeo, pois xa foi redondeada en cada avaliación trimestral.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos. Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver. Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc. Para a avaliación deste

alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos. En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

### **Criterios de recuperación:**

Para recuperar as UU.DD. non superadas (menos de 4 puntos sobre 10): Rematada a UD propórase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de tutoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada. Para recuperar a avaliación trimestral: O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado proporá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de tutoría previa cita. Segundo as circunstancias poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas. Para superar a avaliación final: Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas no período que vai dende a avaliación previa á avaliación final ata a avaliación final. Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado. Transcorrido este período, o alumnado que non recuperou algunha avaliación trimestral, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas escritas. Para mellorar a nota na avaliación final: O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación, recibirá un plan de mellora. Neste plan priorizaranse os contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UDD. As actividades propostas serán acordadas entre a persoa docente e o alumnado.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Das materias pendentes de cursos anteriores

Plan de traballo

Para o alumnado repetidor que obtivera unha avaliación negativa nesta materia, establecerase un plan personalizado de reforzo para poder superar as dificultades non superadas no curso anterior. Será dirixido polo profesor que lle dá clase de EF no curso actual no que se lle irán pedindo diferentes tarefas de recuperación das unidades didácticas programadas para o curso que ten suspenso.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Este plan, en función das características do alumnado, poderá consistir nas seguintes actividades:

- Realización de actividades de reforzo da materia dirixido polo profesor/a que lle dá clase de E.F. no curso actual no que se lle irán pedindo diferentes tarefas de recuperación das unidades didácticas programadas para o curso que ten suspenso. Se as supera, non terá que facer as probas escritas e as prácticas.
- Mediante a observación e a realización de probas de tipo escrito/oral para avaliar a parte conceptual e con circuitos e /ou execucións técnico-tácticos. Só se realizarán en caso de que non supere as tarefas de recuperación.
- Atención personalizada ao alumnado na hora do recreo establecida polo departamento, unha vez por semana. A asistencia será voluntaria.

Criterios de cualificación

Presentación en tempo e forma das tarefas de recuperación.

Calidade e orixinalidade dos contidos presentados.

Obter un 50% da valoración sobre a nota final nos distintos apartados (teórico e práctico) no caso de no ter superado a asignatura mediante as tarefas de recuperación.

b) Da materia do propio curso

Procedementos e instrumentos de avaliación para :

a. Unha proba non superada

Un alumno/a cunha parte dunha avaliación suspensa:

Obterá a súa nota da media aritmética de cada avaliación, sendo o cinco a nota da parte da avaliación suspensa.

b. Unha avaliación parcial

Un alumno/a cunha avaliación suspensa:

Realizará unha proba individualizada (teórica e/ou práctica) sobre a parte suspensa.

c. A avaliación final ordinaria

Terá que facer unha proba escrita sobre os contidos teóricos levados a cabo no curso.

Terá que facer as probas prácticas que levaron a cabo os compañeiros na aula durante o curso.

Terá que presentar os traballos que se lle foran pedindo os compañeiros de clase durante o curso.

A nota final é a media das tres avaliacións anteriores.

c) Proba extraordinaria de xuño

Poderán facer:

A- Un exame teórico de toda a asignatura (100%). Estes contidos teóricos incluírían os apuntes dados na materia e o dito nas explicacións durante as clases ao longo do curso.

Haberá que superar como mínimo a metade da porcentaxe.

B- Un exame teórico-práctico: esta proba constará dunha parte teórica e unha parte práctica.

- Unha proba teórica dos contidos vistos ao longo do curso. Estes contidos teóricos incluírían os apuntes dados na asignatura e o dito nas explicacións durante as clases ao longo do curso (esta parte valerá un 50% da nota)

- Probas ou exames prácticos. Test de condición física-técnico-táctico e habilidades deportivas feitas ao longo do curso. (esta parte valerá un 50% da nota).

- Haberá que superar como mínimo a metade da porcentaxe de cada parte para poder aprobar, é dicir, 25% na parte teórica e outro 25% na parte práctica.

- En caso de que o alumno/a estea lesionado no momento de exame de setembro, será necesario a presentación dun xustificante médico oficial no que se indique o tipo de lesión que padece e o tempo estimado de lesión. Nesta caso, non se fará a parte práctica, e a parte teórica valerá o 100% da nota final.

- Nesta convocatoria é imprescindible traer o material e vestimenta deportivos adecuados para o exame práctico e teórico, do contrario o alumno non será avaliado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

-Favorecerase a integración completa dentro do grupo clase de tódolos alumnos/as.

-Os alumnos/as que amosen algunha dificultade tenderase a individualizar, na medida do posible, o traballo con eles.

Seguindo o artigo 49, da Constitución Española (78) no Capítulo III:

¿Os poderes públicos farán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiranz.

As medidas de atención á diversidade que expomos na nosa PD responden ás necesidades educativas concretas e a consecución das competencias básicas e OXE sen discriminación.

Seguimos os principios e directrices do Plan de Atención á Diversidade do IES, exposto na PXA.

As medidas de atención personalizada céntranse na adaptación da metodoloxía e concretamente, nas actividades de aprendizaxe e avaliación, xa que mantemos os mesmos contidos para alcanzar os obxectivos propostos a nivel individual. Diferenciamos a nivel



curricular dúas medidas, unha que só modifica elementos NON prescritivos do currículo para adaptarnos ás demandas do alumnado, o Reforzo Educativo; e outra que SI modifica elementos prescritivos do currículo ademais de necesitar a autorización da Inspección Educativa, a Adaptación Curricular Individualizada.

ADAPTACIÓN NON SIGNIFICATIVAS ou ordinarias:

Casos e actividades propostas:

- Dificultades aprendizaxe:

a) Práctica: diminución da dificultade ou exigencia da tarefa cunha variación da tarefa ou procura dunha solución.

b) Conceptos: concreción do contido, esquemático e comprensible ao seu nivel.

- Desinterese: diálogo e motivar para que participe.

- Falta de esforzo: diálogo e motivar para que se supere.

- Falta de asistencia: actividade de síntese da clase anterior na seguinte.

- Falta de asistencia reiteradas: integración nas tarefas con síntese breve.

- Sen vestimenta ou calzado por lesión ou enfermidade: axuda na explicación de actividades e funcións de árbitro aplicando as normas e colaboración nas tarefas que se encomenden como cronometrar, apuntar datos e colocación e recollida de material.

Estratexia didáctica:

Analítica: información clara, breve, precisa e individual, integrado no grupo ou en grupos reducidos con axuda do profesor ou alumno avanzado.

Organización do grupo:

- Organización en grupos mixtos variados durante o curso para fomentar a coeducación, integración e dinámica do grupo.

- Grupos de nivel e adaptación de tarefas para cada un utilizando alumna/os avaxada/os como colaboradores.

Optatividade:

Programación con contidos equitativos para ambos sexos sen discriminación. Posibilidade de elección democrática, a principio de curso, dos xogos, deportes e actividades de expresión corporal.

ADAPTACIÓN SIGNIFICATIVAS ou extraordinarias:

Para alumna/os con necesidades educativas especiais (NEE), , realízanse adaptacións significativas segundo as indicacións do Titor, asesoramento do Orientador e Xefa de Estudos da ESO. Rexístranse como ACI.

Casos e actividades propostas:

ALUMNADO DE NEE CON DÉFICITS:

1. Lesión, enfermidade ou patoloxía:

- Ingresado hospital longa tempada: mesmos obxectivos e contidos, variando os criterios de avaliación e cualificación. Tarefa de lectura de apuntes teóricos, traballo e exame teórico.

Valórase o apartado teórico nun 100%.

- Temporal que asiste con certificado médico oficial: Xustificación falta de participación mediante un certificado médico oficial, na que se indique: tipo de lesión que padece, exercicios contraindicados, recomendacións e tempo estimado de exención. A avaliación da parte práctica poderá ser mediante unha observación sobre o exame práctico dalgúns compañeiros/as propostos polo profesor/a.

As adaptacións son no apartado práctico mantendo os mesmos obxectivos, contidos conceptuais e actitudinais, realizando segundo o caso, o exercicio estático en situación facilitadas ou programa recomendado, ademais axuda ó NEE permanente e colabora co profesor. Varíanse os criterios de avaliación e cualificación se non pode participar na proba práctica.

O alumnado con asma realiza a mesma actividade co seu tratamento broncodilatador. Os que teñen alteracións posturais non severas realizan a mesma actividade con atención a zona. A nivel organizativo podemos contar cun desdobre, ou coa intervención dun profesor de apoio. A avaliación da parte práctica poderá ser mediante unha observación sobre o exame práctico dalgúns compañeiros/as propostos polo profesor/a.

B) Discapacitados permanentes (condución, déficit sensorial e psíquico):

Segundo a Orde Ministerial nº 17.207 do 10/7/95 BOE: ¿a dispensa de cursar esta materia limitarase ós alumnos maiores de 25 anos¿ e ¿O currículo de EF da ESO adaptarase para aqueles alumna/os con NEE asociadas a discapacidade motora ou sensorial, temporal ou permanente.¿

As solicitudes, ¿serán formuladas ante a Dirección do Centro polos alumnos, ou



se son menores de idade, polos seus pais ou representantes legais e irán acompañadas dos certificados médicos correspondentes. ¿O Departamento de EF acordará as adaptacións oportunas, á vista dos certificados médicos, así como do resultado da avaliación e ditame emitido polo Dpto. Orientación.¿ Mantéñen os mesmos obxectivos, contidos e variamos os criterios de avaliación e cualificación: Concepto 30% -Procedemento 40%- Actitude 30%.

-Trastorno grave de conducta: diálogo para resolución de conflito e aplicación de sanción. En caso extremo, Falta de orde tras 3 avisos reiterados. Mantén os mesmos obxectivos, contidos e variamos os criterios de avaliación e cualificación: Concepto 30% -Procedem. 40%-Actitude 30%.

- Déficit psíquico: mesmos obxectivos, contidos e variamos criterios de avaliación e cualificación: Concepto 30%-Procedemento 40%- Actitude 30%

Apuntes teóricos e preguntas do exame están adaptadas ao seu nivel de coñecementos. Variamos o nivel de contidos conceptuais.

- Déficit sensorial: mantén mesmos obxectivos, contidos e variamos os criterios de avaliación e cualificación. Diferenciamos -Auditivos: información escrita, modulación beizos e comunicación xestual para favorecer a

comprensión. Criterios de cualificación: Concepto 30%- Procedemento 40%- Actitude 30%

-Visual: adaptación tarefas ó espazo próximo e información escrita con letra maior en caso de deficiencia leve. Nestes o exame teórico cámbiase por preguntas orais ou por que faga o exame no ordenador. En probas prácticas, propónse un obxectivo ó seu alcance. Criterios de cualificación: Concepto 30%- Procedemento 40%- Actitude 30%.

#### ALUMNADO DO ESTRANXEIRO:

Inmigrante ou outra etnia xitana: mantén mesmos obxectivos, contidos e criterios de avaliación e cualificación agás se descoñece a lingua ou teñen problemas de integración, outorgando o apartado conceptual ás actitudes . Criterios de cualificación: Concepto 30% - Procedemento 40%-Actitude 30%.

#### ALUMNADO SOBREDOTADO INTELECTUAL:

- Superdotado intelectual: ampliación cun traballo teórico e a nivel práctico prestamos atención á integración dentro do grupo, á participación e esforzo físico. Ampliamos o obxectivo, a profundización no contido e criterio de cualificación a nivel conceptual. Criterios de cualificación: Concepto 30% - Procedemento 40% - Actitude 30%.

- Avanzado: axuda a alumnos con dificultades de aprendizaxe (microensino) e realiza tarefas máis complexas orientándoo deportivamente e academicamente. Ampliamos o obxectivo, o enriquecemento do contido e criterio de avaliación.

Todas estas medidas de atención á diversidade, e que xorden durante as Unidades didácticas, serán postas en práctica co fin de mellorar a aprendizaxe do alumnado.entre:

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X		X		X	X		
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL			X		X	X		
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL			X		X	X		
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X							
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITO CRÍTICO E CIENTÍFICO	X							

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES								X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE			X		X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X			X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL				X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL				
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL			X	
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITO CRÍTICO E CIENTÍFICO		X		
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X			
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE	X			

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas sobre alimentación xeral e deportiva	Conferencias sobre alimentación e actividade física			
Actividades Físicas no Medio Natural	Actividade a realizar en zonas de alto valor ecolóxico nas proximidades do IES: Courel, Serra da Encinha da Lastra, Ribeira Sacra...			
Semana Branca	Viaxe a Andorra para practicar esquí			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Cumprimento dos obxectivos xerais da programación

Desenvolvemento das unidades didácticas
Desenvolvemento das actividades programadas
Funcionamento das metodoloxías aplicadas
Utilización de recursos e materiais didácticos
Consecución dos estándares de aprendizaxe
Funcionamento dos procedementos de avaliación
Pertinencia dos instrumentos de avaliación
Eficacia das medidas de recuperación
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave
Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa
Participación en actividades extraescolares e complementarias
Medidas de atención á diversidade
Favorecemento da multidisciplinariedade
Favorecemento do tratamento integrado de linguas
Factores que favoreceron o cumprimento da programación
Causas de non cumprimento da programación

### Descrición:

P

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes).

#### RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final.

#### TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

#### DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.

#### MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro

diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.

#### INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

correccións da programación.

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

- A) Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B) Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C) Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D) Motivos das modificación feitas.
- E) Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

### **9. Outros apartados**